

Axudas para financiar estadias e visitas de persoal investigador estranxeiro

1. OBXECTO

Esta acción pretende atraer ao Campus Industrial de Ferrol persoal investigador de centros estranxeiros, con obxecto de impulsar a internacionalización, estimulando a colaboración científica entre o devandito personal investigador e o persoal investigador do Campus Industrial de Ferrol. Tamén se pretende fomentar o intercambio e actualización de coñecementos entre as persoas investigadoras do Campus Industrial de Ferrol e a persoa investigadora visitante.

Financiaranse tamén visitas que sirvan para promover reunións de traballo que permitan continuar proxectos conxuntos ou iniciar novas colaboracións para potenciar os indicadores de investigación do Campus Industrial de Ferrol.

O obxectivo é, ademais, que destas colaboracións poidan resultar actividades investigadoras que se concreten en proxectos de investigación, publicacións de alto impacto, á vez que se amplíe a oferta formativa do Campus Industrial de Ferrol en áreas de recoñecemento internacional que supoñan un alto valor engadido para a nosa universidade.

Ofrécense dúas modalidades:

- a) Estadias: duración mínima dun mes e unha duración máxima de tres meses
- b) Visitas: duración mínima de tres días consecutivos e máxima de cinco días

En calquera das modalidades, a persoa investigadora deberá ofrecer un relatorio no Campus Industrial de Ferrol para favorecer a relación co persoal investigador do CIF.

Estas axudas están destinadas a cubrir total ou parcialmente os gastos de viaxe, aloxamento e manutención de a persoa investigadora estranxeira visitante.

2. FINANCIAMENTO

O financiamento desta convocatoria, por un importe máximo de 12.000 €, efectuarase con cargo á aplicación 09.02.24.08.65-541A-640.08 do orzamento do Campus Industrial de Ferrol para o ano 2025.

O importe das axudas será:

- a) Estadias: como máximo 1.500 € por mes no Campus Industrial de Ferrol e cun importe total máximo por estadia de 4.000 €.
- b) Visitas: ata un máximo de 1.000 € por visita.

Aos efectos do cálculo da axuda final, os máximos para xustificar os conceptos de aloxamento e mantemento serán os correspondentes aos publicados no Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo e a normativa autonómica nesa materia.

3. REQUISITOS

As solicitudes deben provir da persoa investigadora adscrita ao Campus Industrial de Ferrol coa que a persoa visitante desenvolverá tarefas de investigación e poderán ser membros permanentes ou non permanentes. As persoas solicitantes disporán de conta ORCID activa. No momento da aprobación da axuda, as persoas solicitantes deberán presentar uns CV detallado actualizado.

A persoa visitante debe:

- Ser persoal docente ou investigador no estranxeiro (no caso de estadias, debe ter o título de doutoramento)
- Residir e desenvolver a súa profesión de maneira habitual nun país estranxeiro.

Estas axudas están destinadas a cubrir total ou parcialmente os custos de viaxe, aloxamento e manutención de persoal investigador de institucións estranxeiras, con motivo da realización dunha estadia no Campus Industrial de Ferrol.

As datas de realización da mobilidade estarán comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 15 de outubro de 2025 (debido ao período de xustificación da axuda e os prazos internos de tramitación).

Os mesmos gastos que se imputen a esta axuda non poderán ser xustificados noutros proxectos, fondos, etc.

4. SOLICITUDE

A solicitude de axuda a realizará a persoa investigadora adscrita ao Campus Industrial de Ferrol enviando a documentación requirida (Anexo I) ao correo electrónico internacionalizacion.campus.industrial@udc.gal.

Ademais, poderá presentarse en calquera dos rexistros que indica o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes que se presenten por procedementos distintos dos previamente especificados resultarán excluídas.

A presente convocatoria permanecerá aberta durante todo o ano mentres haxa orzamento dispoñible e estéase en prazo para a tramitación, en función das datas establecidas no apartado 3.

Realizarase unha reunión mensual de avaliación das propostas recibidas. A avaliación das solicitudes de axuda realizarase seguindo as instrucións que figuran no apartado 5.

5. SELECCIÓN

As solicitudes deberán identificar con claridade persoas investigadoras, cuxas liñas de investigación estean relacionadas directamente cos ámbitos estratéxicos do Campus Industrial de Ferrol, que son os seguintes:

- Robótica industrial.
- Materiais.
- Optimización de procesos industriais.
- Enxeñaría naval e offshore.
- Xestión industrial.
- Desenvolvemento de produto.

A valoración das solicitudes realizarase tendo en conta os seguintes criterios:

- CV da persoa investigadora visitante dos últimos 10 anos, valorando méritos científicos (3 puntos)
 - Coordinación proxectos europeos: 0.5p por proxecto (ata 2 puntos)
 - Publicacións: 1 punto por cada 10 publicacións en JCR
 - Outros (ata 1 punto): Coordinación de comités internacionais, docencia convidada noutras universidades, etc.
- Colaboración previa existente da persoa solicitante coa entidade á que pertence o investigador convidado (2 puntos)
 - Publicacións ou proxectos concedidos: ata 2 puntos
 - Estadías ou docencia en común: ata 1 punto
- Excelencia investigadora dos seus centros de procedencia (2 puntos)
 - Que o centro ou grupo estea permanentemente constituído por un mínimo de 10 persoas investigadoras permanentes doutores: ata 0.5 puntos
 - Que teña proxectos competitivos activos: ata 0.5 puntos
 - Publicacións: 1 punto por cada 20 publicacións en JCR do grupo
- Carácter estratéxico da colaboración científica exposta (2 puntos).
 - Relacionado con varias liñas ou grupos investigación do CIF: 2 puntos
 - Relacionado cunha liña ou grupo investigación do CIF: 1 punto
 - Relacionado cun investigador individual do CIF: 0.5 puntos
- CV da persoa adscrita ao Campus Industrial de Ferrol que fai a solicitude (1 punto).
 - Persoal Adscrito permanente: 1 punto
 - Persoal Adscrito non permanente: 0.5 puntos

Só se concederá financiamento para unha visita por persoa solicitante e persoa visitante por anualidade. Excepcionalmente, poderá concederse unha segunda ou sucesivas visitas con financiamento se na resolución previa ao mes no que terá lugar a segunda ou sucesivas visitas, quedasen aínda fondos para financiar as visitas adicionais solicitadas.

6. COMISIÓN DE SELECCIÓN

As solicitudes serán avaliadas, segundo os requisitos expostos nesta convocatoria, por unha comisión composta polas seguintes persoas:

- a) Ana Isabel Ares Pernas, Vicerreitora do Campus de Ferrol y Responsabilidade Social.
- b) Marcos Míguez González, director del Campus Industrial de Ferrol.
- c) Armando José Yañez Casal, coordinador da Comisión de I+D, Transferencia e Relación coa Sociedade.
- d) María Eugenia Díaz Caneiro, técnico de internacionalización do Campus Industrial de Ferrol.

A Comisión poderá solicitar información adicional ao persoal investigador no caso que o considere necesario.

7. RESOLUCIÓN E NOTIFICACIÓN

Publicarase unha listaxe das solicitudes aprobadas na páxina web do Campus Industrial de Ferrol. Ademais, a avaliación da Comisión será comunicada á persoa solicitante por correo electrónico.

No momento no que se esgote o orzamento disposto para esta convocatoria indicarse tamén na páxina web do Campus Industrial de Ferrol.

8. ACEPTACIÓN Ou RENUNCIA

As persoas beneficiarias deberán notificar a súa aceptación ou renuncia mediante un escrito redactado conforme ao modelo Anexo II. No caso de aceptación deberán presentar a seguinte documentación:

- Xustificante bancario do número de conta da persoa visitante.
- Copia de pasaporte/documento de identidade da persoa visitante.
- Impreso de alta de terceiros.

O prazo para a aceptación ou renuncia será de cinco días hábiles, que contarán a partir da comunicación por correo electrónico. De non aceptar neste prazo, entenderase que a persoa beneficiaria renuncia á axuda.

A aceptación da axuda implica a aceptación das condicións de execución, obrigacións e xustificación, segundo o establecido na presente convocatoria.

9. OBRIGACIÓN DAS PERSOAS BENEFICIARIAS

Son obrigacións das persoas solicitantes desta axuda:

1. Colaborar na organización do relatorio que impartirá a persoa investigadora invitada, incluído o cartel de difusión.
2. Entregar o Anexo III cuberto cos datos da visita, polo menos, cunha semana de antelación.

Son obrigacións das persoas beneficiarias desta axuda:

1. Participar de forma activa en actividades científicas encamiñadas a establecer consorcios para presentación de propostas de investigación en convocatorias oficiais, participar na realización de artigos científicos para a súa publicación en revistas de alto impacto, impartir conferencias no Campus Industrial de Ferrol, tanto de carácter docente como de carácter investigador, etc.
2. A persoa visitante terá a responsabilidade de tramitar o seu visado e seguro médico ou de responsabilidade civil (se procede).
3. As persoas beneficiarias deben mencionar ao Campus Industrial de Ferrol, seguindo as instrucións de filiación do Manual de identidade corporativa do Campus Industrial de Ferrol, que pódense atopar na páxina web do mesmo en todas as publicacións derivadas desta axuda.

Tras a realización da mobilidade, e no prazo máximo de 10 días naturais tras a mesma, a persoa investigadora beneficiaria da axuda deberá enviar ao correo electrónico internacionalizacion.campus.industrial@udc.gal:

- a) Breve memoria das actividades realizadas e dos resultados obtidos (Anexo III), na que se debe incluír documentación gráfica acreditativa (fotografías, capturas de pantalla, vídeos, etc...), é dicir, evidencias justificativas da actividade que ademais poidan ser empregadas para difusión nas RRSS do Campus Industrial de Ferrol.
- b) Todos os xustificantes de gasto (facturas de hotel, factura de avión, tickets de autoestrada, tickets de restaurantes, facturas de aloxamento, etc...) a nome da persoa visitante estranxeira.

O incumprimento destas obrigacións dará lugar á perda do dereito á axuda e á obrigaón de devolución da mesma.

10. PAGO

O pago dos gastos correspondentes a aloxamento, manutención e viaxe realizarase unha vez fíxose chegar a internacionalizacion.campus.industrial@udc.gal copia dos documentos acreditativos dos gastos correspondentes, isto é, factura de hotel, billetes de avión, autobús, tickets de autoestrada, facturas de taxi, aloxamento, restaurantes, etc..., segundo corresponda e sempre a nome da persoa investigadora visitante estranxeira, por transferencia bancaria á conta indicada e sempre despois de que finalice a estada.

11. INCUMPRIMENTO

A eventual ocultación ou o falseamiento de datos, así como o incumprimento total ou parcial dos requisitos e obrigacións establecidos nesta resolución e nas demais normas aplicables, ou das condicións que, no seu caso, establézanse nas correspondentes resolucións de concesión, darán lugar á revogación da axuda, o que implicará o reintegro das cantidades percibidas na súa totalidade e a prohibición á persoa investigadora adscrita ao Campus Industrial de Ferrol responsable da solicitude para pedir novas axudas na anualidade.

As circunstancias de forza maior non se consideran como causa que xustifique non reintegrar o importe total da subvención asignada. O cambio de calquera das circunstancias da axuda concedida (datas, investigador invitado, etc.), deberá ser aprobado pola Comisión de Selección, polo que haberá de ser notificado ao Campus Industrial de Ferrol con antelación suficiente.

12. COMPATIBILIDADE E RENUNCIAS

Esta axuda é compatible con calquera outra axuda complementaria para cubrir a totalidade do gasto. No caso de recibir outra axuda, o importe da mesma limitarase ao importe resultante de restar ao previsto na convocatoria o montante doutra axuda.

A desadscripción ao Campus Industrial de Ferrol no prazo de execución desta axuda das persoas investigadoras que formulasen a solicitude, dará lugar á cancelación da axuda.

13. PROTECCIÓN DE DATOS

En cumprimento do artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos ("Regulamento Xeral de Protección de Datos" ou RGPD), e do artigo 11 de a Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais y garantía dos dereitos dixitais (LOPD), informamos que os datos que a persoa interesada facilite mediante a concorrencia a esta convocatoria, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade da Coruña (UDC), sendo os seus datos de contacto Rúa Maestranza 9, 15001, A Coruña, teléfono 981167000, correo electrónico secretariaxeral@udc.gal.

Mediante a concorrencia a esta convocatoria, a persoa interesada consente expresamente na publicación dos seus datos na resolución da solicitude nos taboleiros físicos da UDC e dentro do tablón oficial da sede electrónica da UDC, na forma prevista na disposición adicional 7ª da Lei Orgánica 3/2018, de protección de datos persoais. A resolución desta convocatoria permanecerá publicada en tales taboleiros. Os datos persoais serán conservados mentres resulten necesarios para as finalidades do tratamento e, en todo caso, durante os prazos establecidos pola lexislación vixente, sen prexuízo do previsto en relación co exercicio do dereito de supresión e outros dereitos contemplados en a Lei Orgánica de Protección de Datos Persoais.

A persoa interesada consente no tratamento dos datos para os efectos de cumprir coa finalidade descrita nesta convocatoria, e terá dereito a retirar o seu consentimento en calquera momento, sen efectos retroactivos. Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e á limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao citado tratamento, así como solicitar, salvo casos de interés público e/o exercicio de poder público, a portabilidade dos seus datos.

Tales dereitos poderá exercelos mediante solicitude remitida á seguinte dirección: Secretaría Xeral, Reitorado da Universidade de A Coruña , rúa Maestranza 9, 15001 de A Coruña ou ao correo electrónico secretariaxeral@udc.gal, coa referencia "protección de datos", a través dun escrito asinado para o efecto achegando fotocopia do seu DNI.

Igualmente poderá dirixir esta solicitude directamente ao Delegado de Protección de Datos, á mesma dirección postal anteriormente indicada, ou ao correo electrónico dpd@udc.gal.

Asi mesmo, ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

Vicerreitora do Campus de Ferrol e Responsabilidade Social

Ana Isabel Ares Pernas

Anexo I
Solicitud de axuda para financiar mobilidades de persoal investigador de institucións estranxeiras

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE			
Nome e apelidos			
NIF		ORCID	

DOCUMENTACIÓN ADXUNTA	
	CV da persoa solicitante
	Fotocopia pasaporte /documento de identidade da persoa visitante
	Documento acreditativo de vinculación co centro de procedencia.
	CV da persoa investigadora que realizará a estadia (últimos 10 anos)
	Autorización do centro de procedencia.
	Fotocopia do documento acreditativo do grao de doutoramento da persoa investigadora estranxeira (obrigatorio para estadias, recomendado para visitas)
	Memoria sobre o centro do que procede a persoa visitante

DATOS DA PERSOA INVESTIGADORA VISITANTE	
Nome e apelidos	
Entidade de procedencia	
País de procedencia	

PROPOSTA DA INVESTIGACIÓN A REALIZAR DURANTE A ESTADÍA	

SI	Autorizamos a publicación dos datos persoais relacionados coa tramitación desta convocatoria, conforme ao que establece a Lei Orgánica
NON	3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Data	
-------------	--

Firma da persoa solicitante

Firma da persoa investigadora invitada

Anexo II

Aceptación ou renuncia

DATOS DA PERSOA INVESTIGADORA DO CIF RESPONSABLE DE INVITACIÓN			
Nome e apelidos		NIF	

Ao aceptar a axuda, o abaixo asinante:

- Declara que coñece, cumpre e acepta as condicións da axuda que se lle concedeu.
- Comprométese a cumprir as normas da convocatoria e desenvolver a actividade que se estime merecedora da axuda, así como a devolver o importe percibido no caso de incumprimento.

<input type="checkbox"/>	Acepto a axuda nas condicións sinaladas pola convocatoria.
<input type="checkbox"/>	Renuncio á axuda nas condicións sinaladas pola convocatoria.

Declaración doutras axudas para o mesmo fin	
<input type="checkbox"/>	Declaro que NON recibín outras axudas para o mesmo fin.
<input type="checkbox"/>	Declaro que SI solicitei e/ou recibín outras axudas para o mesmo fin, polo seguinte importe:
Euros	Importe doutras ayudas solicitadas e recibidas para o mesmo fin.

Asina

Data

Anexo III
Información sobre la visita

POSIBLE TÍTULO PARA LA PONENCIA

--

AGENDA PREVISTA DURANTE LA VISITA

Día	Actividad prevista
1	
2	
3	

PREFERENCIAS / OPCIONES PARA REALIZAR LA PONENCIA

Preferencia	Día	Horario
1º		
2º		
3º		

Datos de contacto de la persona investigadora invitada

E-mail	
Teléfono	

Anexo IV
Memoria de fin de
actividade.

DATOS DA PERSOA INVESTIGADORA VISITANTE			
Nome e apelidos		Pasaporte	
Institución de procedencia.			
País de procedencia.			
Datas	Inicio		Fin

BREVE DESCRICIÓN DA ACCIÓN DESENVOLTA

RESULTADOS OBTENIDOS GRACIAS A LA REALIZACIÓN DE LA ESTANCIA FINANCIADA POR ESTA CONVOCATORIA

Firma da persoa beneficiaria

Data